CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (1 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 28/10/2024
HASH: 092b6a2558619 4f2e133d78c36deb6c2

MARIA DEL MAR PEREIRA GARCIA (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 28/10/2024
HASH: 5941fa274a80dcaba5e437fe64123c04

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO FORMATIVO, PROXECTO "+ EMPREGA NOS CONCELLOS".

- **1 TRABALLADOR/A COA TITULACIÓN DE TÉCNICO/A EDUCACIÓN INFANTIL**

Expte: 691/2024

Vista a axuda concedida pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 27/09/2024, ao Concello de Meaño como entidade colaboradora do proxecto "+ EMPREGA NOS CONCELLOS" para financiar contratos formativos, de dous/dúas traballadores/as, por espazo de doce meses, publicada no BOPPO num. 193 de 03/10/2024 nos seguintes termos:

Cód expediente	NIF	Concello	N.º contratos	Nivel de estudos	Importe mes	Duracción max	Máximo Anualidade 2024	Máximo Anualidade 2025	Máximo subvencionado
2024054428	3602700A	Meaño	1	Ciclo Superior de FP	1200,00€	1 ano máximo	2.400,00€	12.000,00€	14.400,00
2024054427	3602700A	Meaño	1	Licenciatura, grado ou diplomatura	1.400,00€	1 ano máximo	2.800,00€	14.000,00€	16.800,00

Atendendo ao disposto nas bases reguladoras e convocatoria, para o proxecto "+ EMPREGA NOS CONCELLOS" para financiar contratos formativos (BOP nº 152 de 06/08/2024), as persoas beneficiarias deberán estar inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra, así como reunir os requisitos para formalizar un contrato formativo.

Por resolución da Alcaldía de 11 de outubro de 2024 (núm 2024-0619) aprobáronse as bases do proceso de selección de este persoal, establecéndose un prazo de CINCO DÍAS HÁBILES dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria para a presentación das solicitudes de participación.

O anuncio de convocatoria publicouse no BOPPO nº 202 do 16 de outubro de 2024.

Cod. Validación: 7GM6QAANJGMA659ZAF792ZHS7
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Por canto antecede, vistas as solicitudes de participación presentadas entre o 17 e o 23 de outubro de 2024, ambos os dous incluídos, esta Alcaldía nas competencias que ten atribuídas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co artigo 41.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e de acordo co establecido nas bases do proceso selectivo, **RESOLVE**:

1º/ Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo convocado para formalizar a contratación laboral temporal na modalidade de contrato formativo, de 1 traballador/a coa titulación de **Técnico/a Educación Infantil**, con expresión das causas de exclusión.

Aspirantes provisionalmente admitidos:

1. Padín Fernández, Sara

Aspirantes provisionalmente excluídos, e causas de exclusión:

1. Cortegoso Vázquez,Sabela . **(3).**
2. Doval Maneiro, Cristina. **(3).**
3. Robinar Creo, Pilar. **(1) (2) (4).**
4. Parra Iglesias, Nerea. **(5) (7).**
5. Alvariñas García, Brianda. **(3)**

Causas de exclusión:

(1). Non presentar DNI orixinal ou cotexado

(2). Non presentar a titulación esixida en orixinal ou cotexada: Técnico/a Educación Infantil.

(3). A titulación presentada non reúne requisitos para formalización de contrato formativo

(4). Non presentar relación numerada de méritos (anexo II das bases)

(5). Vida laboral actualizada

(6). Certificado empadronamento nalgún concello da provincia de Pontevedra con anterioridade á data da publicación da convocatoria.

(7) Inscripción como demandante ou mellora de emprego no SEPE

Cod. Validación: 7GM6QAANJGMA659ZAF792ZHS7
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

2º/ Subsanacións:

Os aspirantes provisionalmente excluidos ou omitidos na presente resolución disporán dun prazo de **1 DÍA HÁBIL**, contado a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no Taboleiro de anuncios e na pax web do Concello de Meaño, para poder emendar o defecto que motivase a exclusión e/ou formular reclamación.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos esixidos **para a formalización do contrato formativo**, os aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Advirtese aos interesados que, de non enmendar o defecto que motivase a exclusión provisional no prazo sinalado, serán declarados definitivamente excluidos

3º/ Publicacións.
Ordear a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Meaño.

4º/ Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.
Rematado o prazo de subsanación, esta Alcaldía ditará resolución pola que se aprobará a listaxe definitiva de admitidos e excluidos ao proceso selectivo.
Na mesma resolución determinaráse a designación do Tribunal cualificador, así como a data do comezo das probas.
Esta Resolución publicaráse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Meaño.

Mandao e asinao o Sr. alcalde, en Meaño, na data indicada á marxe, do que como secretaria-interventora accidental da corporación dou fé para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.

Documento asinado e datado dixitalmente.

Cod. Validación: 7GM6QAANJGMA659ZAF792ZHS7
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3